

Padrón municipal de habitantes

NOTAS EXPLICATIVAS

O Padrón Municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños dun concello. Os seus datos constitúen proba da residencia no concello e do domicilio habitual no mesmo. As certificacións que dos ditos datos se poidan expedir teñen carácter de documento público e fidedigno a todos os efectos administrativos.

Toda persoa que viva en España está obrigada a inscribirse no padrón do concello no que resida habitualmente. Quen viva en varios concellos deberá inscribirse unicamente no que habite durante máis tempo no ano.

O Padrón Municipal de Habitantes ten como principal obxectivo obter anualmente cifras oficiais de poboación dos concellos e das súas entidades e núcleos de poboación e, por agregación destes datos, das provincias, comunidades autónomas e o total do estado.

As principais utilidades son:

- a) Desde o punto de vista administrativo, o Padrón Municipal de Habitantes é un instrumento necesario para as relacións xurídico-públicas dos concellos.
- b) A revisión continua da información padroal comporta unha actualización anual do sistema de información xeográfica: rúeiros, entidades e núcleos de poboación, distritos e seccións.
- c) É a base para a formación do Censo Electoral.
- d) Utilízase para a elaboración de estatísticas oficiais sometidas ao segredo estatístico.
- e) Permite obter anualmente información agregada para os distintos ámbitos xeográficos de determinadas características básicas da poboación.

1. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional

No padrón dun concello deben incluírse todas as persoas que residan habitualmente nel.

Ámbito territorial

O ámbito xeográfico da estatística é a Comunidade Autónoma de Galicia e proporciónase información para distintos niveis xeográficos: total de Galicia, provincias, comarcas e concellos.

Ámbito temporal

Como rexistro administrativo, a actualización do padrón municipal lévase a cabo de forma continua. A información aprobada oficialmente contida no padrón refírese as cero horas do día 1 de xaneiro de cada ano. A explotación estatística realízase anualmente.

2. Definicións e aspectos metodolóxicos

A Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local establecía que cada cinco anos, nos anos terminados en un e en seis, os concellos debían levar a cabo unha Renovación Padroal que consistía na elaboración dun novo padrón a través de follas padroais que se distribuían en todas as vivendas e eran cumprimentadas polos cidadáns. A finalidade destas renovacións era corrixir as desviacións que se puidesen ter producido nese período de tempo entre a información contida no padrón e a realidade.

A Lei 4/1996 de 10 de xaneiro que establece unha nova redacción dos artigos relativos ao Padrón Municipal de Habitantes da citada Lei 7/1985, normaliza a xestión continua e informatizada do mesmo, fai desaparecer as renovacións quinquenais e dispón unha coordinación entre os padróns de todos os concellos. De acordo con esta norma, os concellos realizaron no ano 1996 a última renovación dos seus padróns municipais. A primeira revisión segundo o novo sistema de xestión foi con referencia o 1 de xaneiro de 1998.

O Padrón Municipal está regulado, ademais de pola Lei 4/1996, polo Real decreto 2612/1996 de 20 de decembro, polo que se modifica o Regulamento da poboación e demarcación territorial das entidades locais e polas resolucións conxuntas da Presidenta do Instituto Nacional de Estadística e o Director Xeral de Cooperación Territorial, polas que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión e revisión do Padrón Municipal.

Segundo establece esta normativa, os concellos deben manter actualizado o Padrón Municipal, reflectindo as altas e baixas dos veciños e as modificacións que se produzan nos datos de inscrición padroal, e envialas mensualmente ao INE por medios informáticos ou telemáticos. Pola súa parte, o INE debe coordinar os padróns de todos os concellos e realizar as comprobacións oportunas para emendar os posibles erros ou duplicidades. Efectuadas ditas comprobacións, o INE obtén

unha cifra de poboación para cada concello, que utiliza para contrastar cos resultados numéricos da revisión anual enviados polos concellos segundo o establecido no Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais e, cando non se chega a un acordo, somete ao Consello de Empadramento. Este Consello informa sobre as discrepancias entre os concellos e o INE así como sobre a proposta de cifras oficiais de poboación de todos os concellos españois que eleva ao goberno a Presidenta do INE para a súa aprobación mediante Real decreto.

A formación, actualización, revisión e custodia do Padrón Municipal correspóndelle ao concello, de acordo coas normas aprobadas conxuntamente polo Ministerio de Economía y Hacienda e o Ministerio para las Administraciones Públicas a proposta do Consello de Empadramento.

O INE correspóndelle a coordinación entre os padróns de tódolos concellos e deberá realizar as actuacións oportunas para solucionar posibles erros e duplicidades.

A inscrición no Padrón Municipal conterá como obrigatorios só os seguintes datos de cada veciño:

- Nome e apelidos
- Sexo
- Domicilio habitual
- Nacionalidade
- Lugar e data de nacemento
- Número do Documento Nacional de Identidade, ou se se trata de estranxeiros, do documento que o substitúa
- Certificado ou título escolar ou académico que o substitúa
- Cantos outros datos podan ser necesarios para a elaboración do Censo Electoral, sempre que se garanta o respecto aos dereitos fundamentais recollidos na Constitución.

3. Presentación de resultados

O Instituto Galego de Estatística publica anualmente na páxina web os principais resultados do Padrón Municipal de Habitantes para os distintos ámbitos xeográficos: total da Comunidade Autónoma, provincias, comarcas e concellos.

Ademais difúndense series de evolución da poboación para cada nivel de desagregación territorial.